

A palestina Shahd Wadi, escritora galega universal

G. Novás REDACCIÓN / LA VOZ [CULTURA](#)



A poeta e activista palestina afincada en Portugal Shahd Wadi.

A AELG argumenta a súa elección «desde o profundo respecto e afecto á súa persoa e a valoración da alta calidade da súa obra, así como por defender a dignidade nacional de Palestina e os dereitos individuais e colectivos da súa poboación, nomeadamente desde perspectivas feministas»

04 out 2024.

A dirección da AELG (Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega) acordou o nomeamento da poeta e activista palestina Shahd Wadi como Escritora Galega Universal no 2025. Nacida en Exipto, criada en Xordania e asentada en Portugal hai dezoito anos, doutorouse en Estudos Feministas na Universidade de Coimbra coa tese *Feminismos de corpos ocupados: as mulleres palestinas entre dúas resistencias*, presentada na Facultade de Letras o 30 de setembro do 2013. A primeira tese en Estudos Feministas rexistrada en Portugal aborda, na súa investigación, «as narrativas artísticas no contexto da ocupación israelita de Palestina, e considera as artes un testemuño de vidas, tamén da súa». Este traballo é a base que sustenta o seu libro *Corpos na trouxa. Histórias-artísticas-de-vida de mulheres palestinianas no exílio* (Editorial Almedina, 2017). O pasado xuño, coa ofensiva israelita sobre Gaza no máis encarnizado, no podcast de entrevistas *Debaixo da lingua*, Rui Maria Pêgo fíxolle a pregunta de rigor: «O que tens debaixo da lingua?», e ela respondeu: «Uma cicatriz».

A AELG argumenta a súa elección «desde o profundo respecto e afecto á súa persoa e a valoración da alta calidade da súa obra, así como por defender a dignidade nacional de Palestina e os dereitos individuais e colectivos da súa poboación, nomeadamente desde perspectivas feministas». En anteriores edicións recibiron este nomeamento autores como Mahmud Darwix, Pepetela, Nancy Morejón, Elena Poniatowska e Juan Gelman.